

-A hora do sorteo, o seu procedemento e o de selección de permisos e outras normas complementarias serán establecidos por cada servicio provincial e expostos no taboleiro de anuncios de cada delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente.

-A normativa de funcionamento dos coutos será a que estableza a orde anual que regula os períodos hábiles de pesca e normas relacionadas con ela nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia durante a tempada de 2003. Os permisos serán outorgados con esta condición e sen que os posibles cambios na normativa poidan dar lugar a cambios de permisos, agás no caso concreto de que se prohíba a práctica da pesca na data ou no couto obtido.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2002.

Francisco García-Bobadilla Prosper  
Director xeral de Conservación da Natureza

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 10 de outubro de 2002 pola que se convoca concurso de traslados específico entre funcionarios docentes do corpo de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional, para cubriren prazas da especialidade de economía.*

O Real decreto 1635/1995, do 6 de outubro, polo que se adscribe o profesorado dos corpos de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional ás especialidades propias da formación profesional específica, establece na súa disposición transitoria quinta que os funcionarios dos corpos de profesores de ensino secundario

e profesores técnicos de formación profesional que estean en posesión das titulacións relacionadas no anexo V poderán optar, por unha soa vez e con ocasión de vacantes, ás prazas desas especialidades no seu propio centro ou noutro distinto dentro do ámbito de xestión da Administración educativa onde teñan destino, a través dos procedementos de provisión de postos que se convoquen.

Pola súa banda, o artigo 84 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, modifica o primeiro inciso da disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, establecendo que o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo terá un ámbito temporal de catorce anos a partir da súa publicación.

Así mesmo, a Lei 24/1994, do 12 de xullo, pola que se establecen normas sobre concursos de provisión de postos de traballo para funcionarios docentes, determina no seu artigo 1 que as comunidades autónomas que se encontren no pleno exercicio das súas competencias educativas poderán, en calquera momento, realiza-los procesos de redistribución ou recolocación dos seus efectivos.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria resolve convocar concurso de traslados específico, para cubrir prazas da especialidade de economía, corpo de profesores de ensino secundario, de acordo coas seguintes bases:

Primeira.-Convócase concurso de traslados, de acordo coas especificacións que se citan nesta orde, para a provisión de prazas vacantes da especialidade de economía entre funcionarios docentes do corpo de profesores de ensino secundario (corpo 590) e profesores técnicos de formación profesional (corpo 591).

Este concurso rexerese polas seguintes disposicións: Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo; Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes; Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública; Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia; Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro; Real decreto 850/1993, do 4 de xuño; Real decreto 575/1991, do 22 de abril; Real decreto 1701/1991, do 29 de novembro; Real decreto 1635/1995, do 6 de outubro, modificado polo Real decreto 2042/1995, do 22 de decembro; Real decreto 777/1998, do 30 de abril; Real decreto 1027/1993, do 25 de xuño; Real decreto 2193/1995, do 28 de decembro.

Segunda.-As vacantes que se ofertan neste concurso son as que se publican no anexo I da convocatoria.

Terceira.-Corpo de profesores de ensino secundario. Prazas de economía.

De conformidade coa disposición transitoria quinta e o anexo V do Real decreto 1635/1995, do 6 de

outubro, poderán solicitar estas prazas, por unha soa vez, e con ocasión de vacantes, os profesores de ensino secundario que, mesmo non sendo titulares da especialidade, reúnan as seguintes condicións:

1. Ter destino no ámbito de xestión da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que, de conformidade co establecido no parágrafo segundo do número 6 da disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, transcorresen ó remate deste curso académico, alomenos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

2. Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

Licenciado en administración e dirección de empresas, licenciado en ciencias empresariais, licenciado en ciencias actuariais e financeiras, licenciado en economía, licenciado en investigación e técnicas de mercado, diplomado en ciencias empresariais e diplomado en xestión e administración pública.

3. Non ter obtido destino con anterioridade nunha praza de economía a través da súa participación en anteriores concursos de traslados.

Cuarta.-Dereito preferente a centro.

De conformidade co establecido na disposición transitoria segunda, terceira e quinta do Real decreto 1635/1995, do 6 de outubro, os profesores que teñan destino definitivo no centro terán preferencia para seren adscritos ás prazas de economía. Se desexan exercer este dereito deberán consignar na súa instancia de participación no primeiro lugar o código do centro e especialidade á que corresponde a vacante.

Poderán incluír a continuación outras peticións correspondentes a prazas ás que desexan concursar fóra do dereito preferente.

Quinta.-Corpo de profesores técnicos de formación profesional.

As prazas ofertadas neste concurso que non sexan provistas por funcionarios do corpo de profesores de ensino secundario, poderán ser adjudicadas a funcionarios do corpo de profesores técnicos de formación profesional, que reúnan os requisitos establecidos na base terceira desta convocatoria.

Sexta.-Forma de participación.

Os concursantes presentarán unha única instancia, xunto cunha fotocopia desta e unha folla de alegación e autobaremación, e simultaneamente presentarán, para a demostración dos méritos, os documentos que se indican no baremo que aparece como anexo II.

Non terán que presenta-los documentos xustificativos dos méritos alegados aquelas persoas que participen no concurso xeral de traslados convocado por orde da Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria do 10 de outubro do 2002 (DOG do 21 de outubro).

A instancia dirixirase á Dirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Tódalas fotocopias que se remitan deberán ir xunto coas dilixencias de compulsa, expedidas polos directores dos centros, ou das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Non se admitirá ningunha fotocopia que careza da dilixencia de compulsa.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá requirir do interesado, en calquera momento, a xustificación daqueles méritos alegados que non estean debidamente acreditados.

Séptima.-As instancias, así como a documentación á que se alude no punto anterior, poderanse presentar nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou en calquera das dependencias ás que alude o artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de que optasen por presenta-la súa solicitude ante unha oficina de correos, farano en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Así mesmo, a solicitude poderá efectuarse a través da Internet. En caso de usa-la páxina web da Dirección Xeral de Persoal, imprimirase a petición que poderá presentarse no propio centro educativo no que se presta servicios. Neste caso, o centro procederá a remiti-la solicitude á Dirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; San Caetano s/n, Santiago de Compostela.

Oitava.-O prazo de presentación de solicitudes e documentos será o comprendido entre os días 29 de outubro e 15 de novembro de 2002, ámbolos dous inclusive. Finalizado este prazo, non se admitirá ningunha solicitude.

Unha vez concluído o prazo de presentación de instancias, non se admitirá ningunha modificación ás peticións formuladas. Non obstante, admitiráselles renuncia a participar no concurso de traslados ós concursantes con carácter voluntario no prazo establecido para as reclamacións á lista provisional, na base décimo segunda, entendendo que tal renuncia afecta a tódalas peticións consignadas na súa instancia de participación.

Novena.-Os asinantes das instancias deberán manifestar nelas, de modo expreso, que reúnen os requisitos esixidos na convocatoria, consignando os centros que soliciten por orde de preferencia, cos números de código e especialidade que figuran nos anexos a esta orde.

Décima.-Para a avaliación dos méritos alegados polos concursantes, no que se refire ó punto 2.1 do baremo de puntuacións, anexo II a esta orde, a Dirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria designará as

comisións dictaminadoras oportunas, compostas polos seguintes membros:

-Un presidente nomeado entre os funcionarios que exerzan a función inspectora en materia educativa ou funcionarios do corpo de profesores de ensino secundario coa condición de catedrático en activo.

-Vocais: catro profesores do corpo de profesores de ensino secundario, en activo.

En cada unha das comisións dictaminadoras actuará como secretario o funcionario que designe a Dirección Xeral de Persoal de entre os que exerzan funcións na dita dirección xeral.

Así mesmo, poderá asistir ás comisións dictaminadoras un representante de cada organización sindical con presenza na Mesa Sectorial Docente non universitaria, con voz e sen voto.

As comisións dictaminadoras poderán solicita-lo asesoramento que consideren oportuno.

Os membros das comisións estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A asignación da puntuación que lles corresponde ós concursantes, polos restantes epígrafes do baremo de méritos, levarase a efecto por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Décimo primeira.-Unha vez recibidas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria as actas das comisións dictaminadoras, coas puntuacións asignadas ós concursantes, procederase, conforme as peticións e os méritos dos participantes, á adxudicación dos destinos e faranse públicas, nas súas delegacións provinciais, as resolucións provisionais dos concursos de traslados.

No caso de producirse empates no total das puntuacións, estes resolveranse atendendo sucesivamente á maior puntuación en cada un dos epígrafes do baremo conforme a orde na que aparecen nel. Se persistise o empate atenderase á puntuación obtida nos distintos subepígrafes pola orde, igualmente, que aparecen no baremo. En ámbolos casos, a puntuación que se tome en consideración en cada epígrafe non poderá exceder da puntuación máxima establecida para cada un deles no baremo, nin, no suposto dos subepígrafes, a que corresponda como máximo ó epígrafe no que se atopen incluídos. Cando, ó aplicar estes criterios, algún ou algúns dos subepígrafes alcance a máxima puntuación outorgada ó epígrafe ó que pertence, non se tomarán en consideración as puntuacións do resto de subepígrafes. De resultar necesario, empregaranse como criterios de desempate o ano no que se convocou o procedemento selectivo a través do cal se ingresou no corpo e a puntuación pola que resultou seleccionado.

Décimo segunda.-Os concursantes poderán presentar reclamacións ás resolucións provisionais, a través do órgano no que presentaron a súa instancia de participación, no prazo de oito días a partir da súa exposición.

Así mesmo, no mesmo prazo, poderán presentar renuncia á súa participación no concurso nas condicións establecidas na base sétima desta convocatoria. Estas reclamacións ou renuncias presentaranse polos procedementos ós que alude a base sétima.

Décimo terceira.-Consideradas as reclamacións e renuncias á que se refire a base anterior, a Dirección Xeral de Persoal procederá a dicta-las resolucións definitivas destes concursos de traslados. A dita resolución publicárase no *Diario Oficial de Galicia*. As prazas adxudicadas na dita resolución son irrenunciáveis, polo que os participantes deberán incorporarse ás prazas obtidas.

Contra a resolución definitiva, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o conse-

lleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir da súa publicación no DOG segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 4/1994, de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Décimo cuarta.-Os profesores que obteñan destino definitivo nesta convocatoria non poderán obter destino no concurso xeral de traslados convocado por Orde do 10 de outubro do 2002 por esta consellería (DOG do 21 de outubro).

Décimo quinta.-A toma de posesión nos novos destinos terá efectividade administrativa do 1 de setembro de 2003. Non obstante, os profesores que obtivesen destino nestes concursos deberán permanecer nos seus centros de orixe ata que conclúan as actividades imprescindibles previstas para a finalización do curso.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2002.

Celso Currás Fernández  
 Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Provincia: A Coruña

15027721C	150020801	IES de Ames
15023338C	150110303	IES Praia Barraña
15027873C	150170501	IES Afonso X O Sabio
15027307C	150190703	IES Isidro Parga Pondal
15003212C	150230000	IES Agra de Raíces
15003224C	150230000	IES Fernando Blanco
15022620C	150320402	IES de Curtis
15025645C	150360001	IES Ricardo Carballo Calero
15027654C	150411207	IES Agra de Leboris
15026388C	150530400	IES Pontexería
15026391C	150561501	IES Xulián Magariños
15026731C	150570000	IES Campo de San Alberto
15010812C	150570000	IES Virxe do Mar
15025530C	150670401	IES da Pobra do Caramiñal
15025694C	150700509	IES Moncho Valcarce
15027711C	150730904	IES Leliadoura
15026029C	150750604	IES Isaac Díaz Pardo
15025712C	150780001	IES Antonio Fraguas Fraguas
15015743C	150780001	IES Arcebispo Xelmírez I
15025301C	150780001	IES Arcebispo Xelmírez II
15015861C	150780001	IES Eduardo Pondal
15015755C	150780001	IES Rosalía de Castro
15027411C	150820100	IES de Cacheiras
15027368C	150930203	IES Maximino Romero de Lema

Ortoño	
Boiro	
Cambre	
Carballo	
Cee	Cee
Cee	Cee
Curtis	Curtis
Perrol	
Torrás	A Laracha
Serres	
Negreira	
Noia	
Noia	
Pobra do Caramiñal, A	
Pontes de García Rodríguez, As	
Carreira	
Sada	Ribeira
Santiago de Compostela	Sada
Santiago de Compostela	
Santiago de Compostela	
Santiago de Compostela	
Santiago de Compostela	
Cacheiras	Teo
Baio	

Provincia: Lugo

27003151C	270161400	IES Lama das Quendas
27003175C	270161400	IES Val do Asma
27006516C	270282701	IES N° 1
27016455C	270282701	IES Sanxillao
27016303C	270290113	IES Pedregal de Irimia
27016297C	270480900	IES Enrique Muruais
27015189C	270501508	IES de Quiroga
27013636C	270661201	IES María Sarmiento
27013648C	270661201	IES Vilar Ponte

Chantada	
Chantada	
Lugo	
Lugo	
Meira	
Vilaoudriz	A Pontenova
Quiroga	
Viveiro	
Viveiro	

Provincia: Ourense

32015207C	320541201	IES O Couto
32001683C	320090201	IES Martaguisela
32016431C	320430705	IES San Mamede
32016455C	320541201	IES Julio Prieto Nespereira
32013612C	320851400	IES Xesús Taboada Chivite

Ourense	
Barco de Valdeorras, O	
Maceda	
Ourense	
Verín	

Provincia: Pontevedra

36019463C	360040201	IES Johan Carballeira
36015101C	360090203	IES da Cañiza
36002335C	360170000	IES Manuel García Barros
36019220C	360210510	IES Auga da Laxe
36019232C	360220106	IES Monte da Vila
36019244C	360230201	IES A Sangriña
36013758C	360242707	IES Laxeiro
36018999C	360210000	IES As Barxas
36015184C	360350000	IES Escolas Proval
36014520C	360422301	IES Pedra da Auga
36013761C	360381301	IES A Xunqueira I
36018677C	360381301	IES Luís Seoane
36007011C	360390702	IES Pino Manso
36016656C	360450801	IES Pedro Floriani
36014544C	360551201	IES Francisco Sánchez
36009901C	360551201	IES San Palo
36019050C	360573101	IES de Beade
36019426C	360573101	IES N° 11
36019062C	360573101	IES Os Rosais II
36011592C	360573101	IES Santa Irene
36014601C	360573101	IES Álvaro Cunheiro
36012471C	360600101	IES Castro Alobre
36018380C	360600101	IES Carril

Bueu	
Cañiza, A	
Estrada, A	
Gondomar	
Grove, O	
Guarda, A	
Lalín	
Moaña	
Nigrán	
Ponteareas	
Pontevedra	
Pontevedra	
Porriño, O	
Redondela	
Tui	
Tui	
Vigo	
Coruxo	
Teis	
Vigo	
Vigo	
Vilagarcía de Arousa	
Carril, O	

## ANEXO II

Baremo de prioridades na adxudicación de destino ó corpo de profesores de ensino secundario, concurso específico para cubrir prazas na especialidade de economía.

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos (1)
I. Méritos expresamente indicados na disposición adicional novena.4 da LOXSE.		
1.1. Condición de catedrático.		
1.1.1. Por ter adquirida a condición de catedrático.	6 puntos	Título administrativo ou credencial ou, se é o caso, o boletín ou diario oficial no que apareza o seu nomeamento.
1.1.2. Por cada ano de antigüidade na condición de catedrático. Para estes efectos a antigüidade na condición de catedrático, con anterioridade á entrada en vigor da LOXSE, será a que se corresponda cos servizos efectivamente prestados nos corpos de catedráticos e no de profesores de termo de escolas de artes aplicadas e oficios artísticos.	0,50 puntos	Título administrativo ou credencial coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2. Antigüidade (ver disposición complementaria primeira).		
1.2.1. Por cada ano de servizos efectivos prestados na situación de servizo activo como funcionario de carreira no corpo ó que corresponda a vacante.	2 puntos	Título administrativo ou credencial coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2.2. Por cada ano de servizos efectivos como funcionario de carreira noutros corpos ou escalas docentes ós que se refire a LOXSE do mesmo ou superior grupo.	1,50 puntos	Título administrativo ou credencial coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2.3. Por cada ano de servizos efectivos como funcionario de carreira noutros corpos ou escalas docentes ós que se refire a LOXSE de grupo inferior.	0,75 puntos	Título administrativo ou credencial coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2.4. Por cada ano consecutivo como funcionario con destino definitivo na mesma praza do centro desde o que se concursa ou no posto ó que se estea adscrito no estranxeiro, na función inspectora ó amparo da disposición adicional décimo quinta da Lei de medidas para a reforma da función pública, ou noutros postos, servizos de investigación ou apoio á docencia, dependentes da Administración educativa sempre que estas situacións de adscrición impliquen perda do seu destino docente. No suposto de adscrición, o tempo que transcorre desde a súa finalización ata a participación neste concurso será valorado polo punto 1.2.5 (ver disposición complementaria segunda). Polo primeiro e segundo ano: Polo terceiro ano: Polo cuarto e quinto ano: Polo sexto ano: Polo sétimo e oitavo ano: Polo noveno ano: Polo décimo e seguintes:	2 puntos por ano 3 puntos 4 puntos por ano 5 puntos 4 puntos por ano 3 puntos 2 puntos por ano	Título administrativo, coa dilixencia de posesión no centro desde o que se concursa.
<p>Son unicamente computables por este epígrafe os servizos prestados como funcionario de carreira no corpo polo que concursa.</p> <p>Para os funcionarios obrigados a concursar por ter perdido o seu destino definitivo en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso por provir da situación de excedencia forzosa ou, se é o caso, por supresión expresa con carácter definitivo, da súa praza, ou por ter sido desprazados dos seus centros, considerarase como praza desde a que participan, para os fins de determina-los servizos a que se refire este epígrafe, a última servida con carácter definitivo ó que se acumularán, se é o caso, os prestados provisionalmente, con posterioridade, en calquera praza. Terán dereito, ademais, a que se lles acumulen á praza de procedencia ós servizos prestados con carácter definitivo na praza inmediatamente anterior a aquela que lles foi suprimida. Para o caso de profesores afectados por supresións consecutivas de prazas, esa acumulación comprenderá os servizos prestados con carácter definitivo nas prazas que sucesivamente lle foron suprimidas.</p> <p>No suposto de que o profesor afectado non tivese desempeñado outro destino definitivo, terá dereito a que se lle acumulen, para os efectos sinalados, a seguinte puntuación: 1 punto por cada ano con destino provisional.</p> <p>Igualmente, os precitados criterios serán de aplicación ós funcionarios que participen desde o destino adxudicado no cumprimento de sanción disciplinaria de traslado con cambio de residencia.</p> <p>Os funcionarios que se atopen prestando servizos no primeiro destino definitivo obtido despois de terlles suprimida a praza da que eran titulares, terán dereito a que se lles consideren como prestados no centro desde o que concursa os servizos que acrediten no centro no que se lles suprimiu a praza e, se é o caso, os prestados con carácter provisional con posterioridade á citada supresión. Este mesmo criterio aplicaráselles ós que se atopen prestando servizos no primeiro destino definitivo obtido despois de ter perdido o seu destino por cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, ou por provir da situación de excedencia forzosa.</p>		
1.2.5. Os funcionarios de carreira en expectativa de destino, e os que, participando por primeira vez con carácter voluntario, opten na súa solicitude pola puntuación correspondente a este subepígrafe en substitución da correspondente ó subepígrafe 1.2.4, na forma que se especifica na disposición complementaria terceira deste baremo. Por cada ano de servizo.	1 punto	Título administrativo coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2.6. Cando a praza con carácter definitivo desde a que participa teña a cualificación como de especial dificultade por estar en centro de atención educativa preferente, engadiráselle á puntuación do subepígrafe 1.2.4 a seguinte puntuación: Polo primeiro e segundo ano: Polo terceiro ano: Polo cuarto e quinto ano: Polo sexto ano: Polo sétimo e oitavo ano: Polo noveno ano: Polo décimo e seguintes:	1 punto por ano 1,50 puntos 2 puntos por ano 2 puntos 2 puntos por ano 1,50 puntos 1 punto por ano	
1.3. Méritos académicos. Unicamente se terán en conta, para os efectos da súa valoración, os títulos con validez oficial no Estado español.	Máximo 10 puntos	
1.3.1. Doutoramento e premios extraordinarios: -Por ter obtido o título de doutor na titulación alegada para ingreso no corpo desde o que se concursa. -Por premio extraordinario no doutoramento da titulación alegada para ingreso no corpo desde o que se concursa. -Por premio extraordinario na titulación alegada para ingreso no corpo desde o que se concursa. -Polo título de doutor noutras licenciaturas. -Polo premio extraordinario noutro doutoramento. -Polo premio extraordinario noutras licenciaturas.	5 puntos 1 punto 0,50 puntos 3 puntos 0,50 puntos 0,25 puntos	Título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo). Documento xustificativo del. Documento xustificativo del. Documento xustificativo del. Documento xustificativo del. Documento xustificativo del.

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos (1)
<p>1.3.2. Outras titulacións universitarias</p> <p>A posesión e titulacións que figuren no catálogo oficial de títulos universitarios, valoraranse da forma seguinte:</p> <p>-Titulacións de primeiro ciclo: pola segunda e restantes diplomaturas, enxeñerías técnicas, arquitecturas técnicas ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ó primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñería.</p> <p>En ningún caso se valorará o primeiro título ou estudos desta natureza que posúa o candidato.</p> <p>-Titulacións de segundo ciclo: polos estudos correspondentes ó segundo ciclo de licenciaturas, enxeñerías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes.</p> <p>No caso de funcionarios pertencentes a corpos docentes do grupo A, non será valorable en ningún caso o primeiro título ou estudos desta natureza que posúa o candidato.</p>	<p>3 puntos</p> <p>3 puntos</p>	<p>Títulos que se posúan ou, se é o caso, certificados do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo). No caso de estudos correspondentes ós primeiros ciclos, certificacións académicas nas que se acredite a superación deles.</p>
<p>1.3.3. Titulacións de ensinanzas de réxime especial.</p> <p>As titulacións das ensinanzas de réxime especial outorgadas polas escolas oficiais de idiomas e conservatorios de música ou danza, valoraranse da forma seguinte:</p> <p>-Música e danza: grao medio.</p> <p>-Escolas oficiais de idiomas:</p> <p>Ciclo elemental:</p> <p>Ciclo superior:</p>	<p>1 punto</p> <p>1 punto</p> <p>1 punto</p>	<p>Títulos que se posúan ou, se é o caso, certificados do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).</p>
<p>1.4. Formación e perfeccionamento.</p> <p>1.4.1. Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos da especialidade correspondentes ás prazas ás que opte o participante, ou relacionados coa organización escolar ou coas novas tecnoloxías aplicables á educación, organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos polas administracións precitadas, así como os organizados polas universidades.</p> <p>-Puntuarase 0,10 puntos por cada 10 horas de curso superados acreditados. Para estes efectos, sumaranse as horas de tódolos cursos e non se puntuará o resto do número de horas inferiores a 10. Cando os cursos viñesen expresados en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.</p>	<p>Máximo 5 puntos</p> <p>Ata 4 puntos</p>	<p>Certificado deles nos que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.</p>
<p>1.4.2. Por outras actividades de formación e perfeccionamento en materia educativa incluída a impartición de cursos.</p>	<p>Ata 1 punto</p>	<p>Certificación delas.</p>
<p>1.4.3. Por cada especialidade da que sexa titular correspondente ó corpo polo que se concursa distinta á de ingreso nel, adquirida a través do procedemento de adquisición de novas especialidades regulado no título III do Real decreto 850/1993, do 4 de xuño.</p>	<p>1 punto</p>	<p>Credecial de adquisición da nova especialidade.</p>
<p>II. Outros méritos.</p>	<p>Máximo 20 puntos</p>	
<p>2.1. Publicacións (ver disposición complementaria cuarta).</p> <p>2.1.1. Por publicacións de carácter didáctico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais ou transversais do currículo ou coa organización escolar.</p> <p>Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consigna-lo ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, carezan del, non serán valoradas.</p>	<p>Ata 5 puntos</p> <p>Ata 2,50 puntos</p>	<p>Os exemplares correspondentes.</p>
<p>2.1.2. Por publicacións de carácter científico e proxectos e innovacións técnicas sobre as disciplinas obxecto do concurso.</p> <p>Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consigna-lo ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, carezan del, non serán valoradas.</p>	<p>Ata 2,50 puntos</p>	<p>Os exemplares correspondentes.</p>
<p>2.1.3. Méritos artísticos:</p> <p>-Por premios en exposicións ou en concursos de ámbito autonómico, nacional ou internacional.</p> <p>-Por composicións estreadas como autor, publicacións, concertos como solistas ou gravacións con depósito legal, por premios en certames ou en concursos de ámbito autonómico, nacional ou internacional.</p>	<p>Ata 2,50 puntos</p>	<p>Os programas, críticas, os exemplares correspondentes e, se é o caso, a acreditación de ter obtidos os premios correspondentes.</p>
<p>2.2. Valoración por traballos desenvolvidos (ver disposición complementaria quinta).</p> <p>2.2.1.</p> <p>* Por cada ano como director en centros públicos ós que correspondan as vacantes ofertadas (ver disposición complementaria sexta do baremo).</p> <p>* Por cada ano como director en centros de formación e recursos ou institucións análogas establecidas polas comunidades autónomas no exercicio das súas competencias en materia educativa como funcionario de carreira do corpo polo que participan.</p>	<p>Ata 10 puntos</p> <p>3 puntos</p> <p>3 puntos</p>	<p>Nomeamento con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación na que conste que este curso continúa no cargo.</p> <p>Nomeamento con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación na que conste que este curso continúa no cargo.</p>
<p>2.2.2. Por cada ano como vicedirector, subdirector, secretario ou xefe de estudos e asimilados en centros públicos ós que correspondan as vacantes ofertadas (ver disposición complementaria sexta do baremo).</p>	<p>2 puntos</p>	<p>Nomeamento con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación na que conste que este curso continúa no cargo.</p>
<p>2.2.3. Por cada ano noutros cargos directivos de centros públicos ós que correspondan as vacantes ofertadas (ver disposición complementaria sexta do baremo).</p>	<p>1 punto</p>	<p>Documento xustificativo do nomeamento con expresión da duración real do cargo ou, se é o caso, certificación na que conste que este curso continúa no cargo.</p>
<p>2.2.4. Por cada ano como xefe de seminario, departamento ou división de centros públicos de ensino secundario, bacharelato, adultos, formación profesional, artísticas e idiomas e asesor de formación permanente.</p>	<p>0,50 puntos</p>	<p>Documento xustificativo do nomeamento con expresión da duración real do cargo ou, se é o caso, certificación na que conste que este curso continúa no cargo.</p>
<p>2.2.5. Por cada ano de servizos desempeñando postos na Administración educativa de nivel de complemento de destino igual ou superior ó asignado ó corpo polo que se participa.</p>	<p>1,50 puntos</p>	<p>Documento xustificativo do nomeamento con dilixencias de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación de que continúa no posto.</p>

(1) Salvo que e especifique o contrario, son fotocopias cotexadas.

*Disposicións complementarias*

## Primeira.-Valoración da antigüidade.

1. Os servizos aludidos nos puntos 1.2.2 e 1.2.3 non serán tidos en conta nos anos en que fosen simultáneos entre si ou cos servizos dos puntos 1.2.1, 1.2.4 ou 1.2.5.

2. Para os efectos dos puntos 1.2.1. e 1.2.4 serán computados os servizos que se tivesen prestado en situación de servizos especiais, expresamente declarados como tales nos epígrafes previstos no artigo 29.2º, da Lei 39/1984, do 2 de agosto, así como as situacións de idéntica natureza establecida por disposicións anteriores á Lei 30/1984, do 2 de agosto. Igualmente serán computados, para estes efectos, os anos de excedencia por coidado de fillo declarada de acordo co artigo 55.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

Segunda.-Centro desde o que se solicita participar no concurso.

Para efectos do punto 1.2.4 do baremo, considerárase como centro desde o que se solicita participar no concurso aquel ó que pertenza o aspirante con destino definitivo, ou no que se está adscrito, sempre que esta situación implique perda do seu destino docente, sendo unicamente computables por este epígrafe os servizos prestados como funcionario de carreira no corpo ó que corresponda a vacante. Quedan exceptuados do disposto no parágrafo anterior os funcionarios obrigados a concursar por teren perdido o seu destino definitivo en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, por proviren de excedencia forzosa ou por supresión do seu posto de traballo nos termos establecidos na convocatoria. A estes funcionarios seralles de aplicación o disposto para tal efecto no punto 1.2.4. do baremo.

Terceira.-Funcionarios de carreira que participan por primeira vez con carácter voluntario.

Os funcionarios de carreira que participen por primeira vez con carácter voluntario poderán optar, indicándoo na súa instancia de participación, pola puntuación correspondente ó punto 1.2.4 deste baremo ou polo punto 1.2.5 del.

No caso de exerceren a opción polo punto 1.2.5, puntuaráselles por este epígrafe, ademais dos anos de servizo prestados como funcionario de carreira en expectativa de destino, os que prestasen no centro desde o que participan cun destino definitivo.

No suposto de non manifestaren ningunha opción na instancia de participación, entenderase que optan pola puntuación correspondente ó punto 1.2.4 deste baremo.

## Cuarta.-Publicacións

Por cada mérito presentado de acordo cos puntos 2.1.1 e 2.1.2 do baremo de méritos só se poderá puntuar por un deles.

## Quinta.-Valoración do traballo desenvolvido.

1. Polos puntos 2.2.1, 2.2.2, 2.2.3, 2.2.4 e 2.2.5 só se valorará o desempeñado como funcionario de carreira.

2. A valoración do traballo desenvolvido cando se atope referida a centros de adultos, só se valorará cando nos ditos centros se impartisen as mesmas ensinanzas que se imparten nos centros a que se refire este epígrafe.

3. Para os efectos previstos nos puntos 2.2.1, 2.2.2 e 2.2.3 do baremo de méritos, consideraranse centros públicos asimilados ós centros públicos de ensino secundario os seguintes:

-Institutos de bacharelato.

-Instituto de formación profesional.

-Centros de adultos, sempre que impartan as mesmas ensinanzas que nos centros ós que se refiren estes puntos.

-Centros de ensinanzas integradas.

4. Para os efectos previstos no punto 2.2.2 do baremo de méritos, consideraranse como cargos directivos asimilados, alomenos, os seguintes:

-Os cargos aludidos neste punto desempeñados en seccións de formación profesional.

-Xefe de estudos adxunto.

-Xefe de residencia.

-Delegado do xefe de estudos de instituto de bacharelato ou similares en comunidades autónomas.

-Director-xefe de estudos de sección delegada.

-Director de sección filial.

-Director de centro oficial de padroado de ensino medio.

-Administrador en centros de formación profesional.

-Profesor delegado no caso da sección de formación profesional.

5. Polo punto 2.2.3 do baremo de méritos puntuaranse, polo menos, os seguintes cargos directivos:

-Vicesecretario.

-Delegado xefe de estudos nocturnos en sección delegada.

-Delegado do secretario en extensións de institutos de bacharelato ou similares en comunidades autónomas.

-Director, xefe de estudos ou secretario de centros homologados de convenio con corporacións locais.

-Director de colexio libre adoptado con número de rexistro de persoal.

-Secretario de centro oficial de padroado de ensino medio.

6. Cando se produza desempeño simultáneo de cargos, non poderá acumularse a puntuación.

Sexta.-Cómputo por cada mes fracción de anos.

Nos seguintes puntos, por cada mes fracción de anos sumaranse as seguintes puntuacións: no punto 1.1.2, 0,04; no 1.2.1, 0,16; no 1.2.2, 0,12; no 1.2.3, 0,06; no 2.2.1, 0,25; no 2.2.2, 0,16; no 2.2.3, 0,08; no 2.2.4, 0,04; no 2.2.5, 0,12.

En ningún dos demais casos se puntuarán fraccións de ano.

*Orde do 10 de outubro de 2002 pola que se convoca concurso de traslados específico, entre funcionarios docentes do corpo de profesores de ensino secundario, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, para cubriren prazas na Escola de Restauración e Bens Culturais de Pontevedra.*

Por Decreto 352/1991, do 17 de outubro (DOG do 24 de outubro), créase a Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, con sede en Pontevedra.

Por Orde do 20 de febreiro de 1992, aprobouse o currículo e reguláronse as ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais.

Desde o ano 1991 estas ensinanzas veñen sendo impartidas por funcionarios do corpo de profesores de ensino secundario e mestres de taller de artes plásticas e deseño.

A Lei 24/1994, do 12 de xullo, pola que se establecen normas sobre concursos de provisión de postos de traballo por funcionarios docentes, autoriza as comunidades autónomas a realizar, en calquera momento, procesos de redistribución en recolación dos seus efectivos.

Na súa aplicación e existindo vacantes na Escola de Restauración e Bens Culturais de Pontevedra, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dispón convocar concurso de traslados de acordo coas seguintes bases:

Primeira.-Convócase concurso de traslados, de acordo coas especificacións que se citan nesta orde, para a provisión de prazas vacantes entre funcionarios docentes do corpo de profesores de ensino secundario (corpo 590) e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño (corpo 595 e 596 respectivamente).

Este concurso rexeráse polas seguintes disposicións: Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo; Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes; Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública; Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia; Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro; Real decreto 850/1993, do 4 de xuño; Real decreto 575/1991, do 22 de abril; Real decreto 1701/1991, do 29 de

novembro; Real decreto 1635/1995, do 6 de outubro, modificado polo Real decreto 2042/1995, do 22 de decembro; Real decreto 777/1998, do 30 de abril; Real decreto 1027/1993, do 25 de xuño; Real decreto 2193/1995, do 28 de decembro, e Lei 24/1994, do 12 de xullo.

Segunda.-As vacantes que se ofertan neste concurso son as que se publican no anexo I da convocatoria.

Terceira.-Poderán participar neste concurso os funcionarios do corpo de profesores de ensino secundario e mestres de taller de artes plásticas e deseño con cinco anos como funcionarios de carreira no corpo correspondente e que sexan titulares das seguintes especialidades:

<u>Prazas</u>	<u>Especialidade</u>
Restauración de pintura	Debuxo
Restauración de escultura	Debuxo
Procedementos artísticos	Baleirado e moldeado (debuxo)
Historia da arte	Xeografía e historia
Bioloxía e física e química	Bioloxía/física e química

1. Funcionarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

1.1. Poderán participar con carácter voluntario neste concurso de traslados:

a) Os funcionarios que estean en situación de servizo activo con destino definitivo en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que, de conformidade co establecido no parágrafo segundo do número 6 da disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, transcorreran ó remate deste curso académico, alomenos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

b) Os funcionarios que se atopen en situación de servizos especiais declarada desde centros actualmente dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que transcorreran ó remate deste curso académico, alomenos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

c) Os funcionarios que estean en situación de excedencia voluntaria declarada desde centros actualmente dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Se se tratase dos supostos de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 55 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública galega, só poderán participar se ó finaliza-lo curso escolar en que se realicen as convocatorias transcorresen dous anos desde que pasaron a esta situación.

d) Os funcionarios que se atopen en situación de suspensión declarada desde centros actualmente dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que ó finaliza-lo curso escolar en que se realicen as convocatorias transcorrese o tempo de duración da sanción disciplinaria de suspensión.